



# ESTATUTOS

## Índice

---

### Capítulo I: Denominación, ámbito e domicilio

#### Artigo 1: Denominación

#### Artigo 2: Ámbito

#### Artigo 3: Domicilio

### Capítulo II: Fins

### Capítulo III: Organización, estrutura, representación e órganos de goberno

#### Artigo 4: Criterios organizativos

- 4.1.- Territorialidade
- 4.2.- Organización nacional
- 4.3.- Organización unitaria
- 4.4.- Liberdade de expresión, maiorías e comportamento ético
- 4.5.- Flexibilidade e revogabilidade dos cargos
- 4.6.- Transparencia e responsabilidade
- 4.7.- Direccións colexiadas

- 4.8.- Elección dos órganos de dirección
- 4.9.- Plan de calidade
- 4.10.- Asistencia e voto telemático

#### **Artigo 5: Organización Nacional**

- 5.1.- Congreso
- 5.2.- Consello Nacional (CN)
- 5.3.- Executiva Nacional (EN)
- 5.4.- Comisión de Garantías e Contas
- 5.5.- Consello Consultivo

#### **Artigo 6: O esquema organizativo do partido**

- 6.1.- A Presidencia do Partido
- 6.2.- A Secretaría Xeral
- 6.3.- A Secretaría Nacional de Coordinación Xeral e Organización
- 6.4.- A Secretaría Nacional de Finanzas
- 6.5.- A Secretaría Nacional de Comunicación
- 6.6.- A Secretaría Nacional de Política Municipal
- 6.7.- A Secretaría Nacional de Servizos Públicos
- 6.8.- Equipos de Traballo Nacionais

#### **Artigo 7: Ámbitos organizativos**

- 7.1.- Organización Nacional
- 7.2.- Agrupación Local
- 7.3.- Territorios

### **Capítulo IV: Financiamento, recursos e patrimonio**

#### **Artigo 8: Recursos financeiros**

- 8.1.- Fontes de financiamento
- 8.2.- Patrimonio
- 8.3.- Recursos
- 8.4.- Xestión nacional

### **Capítulo V: Da afiliación e simpatizantes**

#### **Artigo 9: Da afiliación**

- 9.1.- Dereitos da afiliación
- 9.2.- Deberes da afiliación
- 9.3.- Baixa da afiliación

#### **Artigo 10.- Dos simpatizantes**

- 10.1.- Dereitos dos simpatizantes



10.2.- Deberes dos simpatizantes

10.3.- Baixa de simpatizantes

**Artigo 11.- Persoa colaboradora**

**Artigo 12.- Réxime disciplinario**

**Artigo 13.- Formación**

## **Capítulo VI: Primarias e participación**

**Artigo 14: Primarias**

**Artigo 15.- Coalicións electorais e relacións con outras organizacións**

**Artigo 16.- Referendo**

**Artigo 17.- Convención nacional**

**Artigo 18.- Actos nacionais**

**Artigo 19.- Obrigas documentais**

**Artigo 20.- Símbolos do partido**

## **Capítulo VII: Vinculación na política internacional**

**Artigo 21.- Internacional**

## **Capítulo VIII: Disolución do Partido**

**Artigo 22.- Disolución**

**Disposicións adicionais**

**Disposicións Transitorias**



## **CAPÍTULO I: Denominación, ámbito e domicilio**

### **Artigo 1: Denominación**

Ao amparo dos artigos 6º da Constitución Española e 1º da Lei Orgánica 6/2002, de 27 de xuño, de Partidos Políticos (LOPP), constitúese o partido político denominado PARTIDO GALEGO, sendo o símbolo do partido as letras P e G en cor verde Pantone 355C, e fonte de letra Nexa Bold. Dentro da P vai integrada a bandeira de Galicia e dentro da G unha árbore con follas de carballo e coas raíces representadas por unha rede. Debaixo dese símbolo irá o nome de Partido Galego con todas as súas letras en maiúscula agás a segunda “g” que irá en minúscula unida á O cun guión.



O seu acrónimo será “**PG**”, facendo alusión a **P**artido **G**alego.

Os presentes Estatutos son, xunto cos regulamentos que os desenvolven, a norma básica de funcionamento do Partido Galego, e o seu cumprimento será obrigado para as persoas que forman o partido político.

A lingua de uso, tanto interna como externa, será o galego. As persoas con cargos no Partido Galego teñen o deber do seu uso e promoción en todos os seus ámbitos de actuación política.

Para os efectos da súa expresión pública como partido político, o Partido Galego adopta como símbolo nacional a bandeira civil de Galicia, desprovista de simboloxía institucional ou ideolóxica, coa vontade de representar con ela ao común da cidadanía galega, calquera que sexa o seu ideario.

Para nomear as Agrupacións Locais o método será Partido Galego de (...) engadindo o nome do Concello.

O Partido Galego é unha forza galeguista, moderada, conservadora, tradicional ecoloxista e rural; que aspira ao máximo autogoberno de Galicia cun encaixe novo nas entidades políticas de ámbito territorial superior nas que se encadre.

A imaxe corporativa do partido e de todos os niveis organizativos estará definida no Manual de Imaxe Corporativa, que será aprobado polo Consello Nacional (CN) a iniciativa da Executiva Nacional (EN).

## **Artigo 2: Ámbito**

O ámbito de actuación do Partido Galego na súa acción política é a nación de Galicia, entendendo como tal a división administrativa da actual comunidade autónoma de Galicia e as zonas das terras do Navia-Eo, o Bierzo e As Portelas, incluídas administrativamente nas actuais comunidades autónomas de Castela e León e Asturias; xuntamente á Galicia exterior representada na nosa diáspora.

O Partido Galego aspira a ter representación en todos os ámbitos políticos que afectan directamente á nación galega. O ámbito de territorial non será un límite na actuación dos órganos do Partido Galego nin na dos cargos institucionais que teñen a obriga da defensa de Galicia onde fose preciso.

## **Artigo 3: Domicilio**

O domicilio social do Partido Galego está en Rúa Berna, 1-A, baixo B, 15707 Santiago de Compostela.

### **CAPITULO II** ***Fins***

O Partido Galego aspira a ser a ferramenta de cambio ao servizo de todos os galegos e galegas, así como o motor de progreso da nación galega, recollendo as diferentes visións e necesidades territoriais e sociais para facer unha acción política efectiva e real ao servizo do pobo. Para iso fomentará a participación en todos os ámbitos da política defendendo a soberanía popular.

Márcase como fins políticos os seguintes:

- A defensa da participación e fomento dos valores democráticos, coa realización dunha acción política que teña no seu centro ás persoas.
- A defensa da xustiza social e da igualdade en todos os ámbitos e da vida.
- A busca da cohesión social, do reparto equitativo da riqueza e da igualdade de oportunidades.
- A defensa dun empuxe económico para Galicia, igualitario e acorde coas potencialidades do seu territorio e cos seus valores estruturais, buscando e defendendo unha economía galega singular, diversificada, forte e internacionalizada.
- A defensa do máximo autogoberno para Galicia.
- A defensa dos servizos públicos na busca do maior estado de benestar para Galicia.
- A defensa, promoción e fomento do mundo empresarial e do emprendemento galego.
- A defensa da singularidade natural, paisaxística e do patrimonio cultural e histórico de Galicia, como motor dunha economía sustentable e dentro dun crecemento responsable, aplicando os principios da economía circular e practicando o ecoloxismo como bandeira política.
- A defensa da clase traballadora galega.
- A loita pola igualdade efectiva entre homes e mulleres.
- A defensa do peso político de Galicia no mundo, artellando relacións coa Galicia exterior.

- A conservación da identidade rural de Galicia.
- A defensa, promoción e dinamización do idioma galego.
- A defensa dos intereses galegos no seo do Estado e da Unión Europea.

### **CAPÍTULO III**

#### **Organización, estrutura, representación e órganos de goberno**

##### **Artigo 4: Criterios Organizativos**

A base da acción política do Partido Galego é a participación activa, democrática e co-responsable das persoas que forman parte da organización, cunha estrutura democrática e áxil.

Os órganos de dirección serán sempre colexiados, respectando os principios de transparencia e control.

Os criterios organizativos fundamentais son:

4.1.- TERRITORIALIDADE: A estrutura territorial ten tres ámbitos:

- Local: é aquel que se conforma en cada concello de Galicia e supón a base territorial e de acción política no seu propio eido.  
Para a constitución e funcionamento do seu órgano representativo (Agrupación Local) estarase ao disposto nos presentes Estatutos.
- Territorial: é aquel que está formado por cada un dos territorios marcados polo Consello Nacional do Partido Galego.  
Para a constitución e funcionamento do seu órgano representativo (Coordinador Territorial) estarase ao disposto nos presentes Estatutos.
- Nacional: comprende o territorio da Galicia administrativa actual, os territorios históricos e a chamada Galicia da diáspora.  
Para a constitución e funcionamento do seu órgano representativo (Consello Nacional) estarase ao disposto nos presentes Estatutos.

4.2.- ORGANIZACIÓN NACIONAL:

Formada por:

- Congreso Nacional: máximo órgano do partido, onde se elixen os demais órganos.
- Consello Nacional (CN): máximo órgano entre congresos.
- Executiva Nacional (EN): órgano de dirección supeditado funcionalmente ao CN, proposto pola Secretaría Xeral e a Presidencia.
- Comisión de Garantías e Contas: órgano encargado de velar polos dereitos e deberes da afiliación e do cumprimento dos presentes Estatutos.

4.3.- ORGANIZACIÓN UNITARIA: o Partido Galego é unha organización de adscrición voluntaria e individual, non se permiten pois grupos organizados nin correntes de opinión no seu seo.

4.4.- LIBERDADE DE EXPRESIÓN, MAIORIAS E COMPORTAMENTO ÉTICO: A afiliación ao Partido Galego implica gozar de plena liberdade de expresión e do dereito a participar na elaboración e toma de decisións dos seus órganos, e a presentarse para ser electo aos diferentes cargos orgánicos do partido.

Todas as persoas membros do partido teñen o deber de acatar e respectar as decisións democraticamente adoptadas polos seus órganos.

A Comisión de Garantías e Contas elaborará un código ético que será sometido á aprobación do Consello Nacional.

Calquera actuación pública contraria ao que se decida democrática e maioritariamente na Executiva Nacional ou no Consello Nacional, así como aos acordos congresuais e ás decisións legalmente adoptadas no eido local; dará lugar a apertura dun expediente de baixa por parte da Executiva Nacional, do que informará á Comisión de Garantías.

- 4.5.- **FLEXIBILIDADE E REVOGABILIDADE DOS CARGOS:** Todas as persoas afiliadas ao partido serán electoras e elixibles para calquera cargo. As persoas afiliadas que teñan calquera tipo de cargo quedan sometidas, durante todo o seu mandato, ao mecanismo de control do referendo previsto nos presentes estatutos.
- 4.6.- **TRANSPARENCIA E RESPONSABILIDADE:** O partido galego funcionará con total transparencia no que respecta ao estado, evolución e actividade do partido. Cada nivel organizativo dará contas non só dun xeito orgánico, senón directamente a afiliación baixo o seu eido territorial ou sectorial. Estarase sempre ao disposto no regulamento de transparencia e na lexislación vixente.
- 4.7.- **DIRECCIÓNS COLEXIADAS:** Nos diferentes niveis, os órganos de dirección terán un carácter colexiado, tomándose as decisións por maioría das persoas integrantes. As deliberacións dos órganos son de carácter secreto, agás que se decida o contrario, deixando constancia de dita decisión. A vulneración do segredo dos órganos será motivo de expulsión. Á Presidencia, á Secretaría Xeral, ás Coordinacións Territoriais e ás Secretarías Nacionais ou ás Secretarías Locais competeralles a representación pública do Partido Galego nos diferentes niveis para os que foron elixidas.
- 4.8.- **ELECCIÓN DOS ÓRGANOS DE DIRECCIÓN:** A elección dos órganos de dirección dos distintos niveis, farase por medio de listas abertas, agás a elección da Executiva Nacional.  
A Executiva Nacional do partido será proposta pola Secretaría Xeral e a Presidencia electas no Congreso, baixo os seus criterios, dos que destacará a capacidade da persoa elixida, a súa disposición, experiencia e o grado de confianza na mesma. Preferiblemente buscarase garantir o equilibrio de xénero nos órganos de dirección, aínda que prevalecerá a capacidade, valía, compromiso e implicación das persoas candidatas sobre o xénero.
- 4.9.- **PLAN DE CALIDADE:** O plan de calidade será un documento onde se detalle que accións se levarán a cabo, que recursos serán necesarios e quen serán o encargados de aplicalo para garantir a calidade dos procesos levados a cabo no Partido Galego. A Executiva Nacional será a responsable da súa elaboración e posteriormente será sometido á aprobación no Consello Nacional.
- 4.10.- **ASISTENCIA E VOTO TELEMÁTICO:** Establecerase a posibilidade de participación e votación telemática en todas as convocatorias extraordinarias do Consello Nacional, sempre que se dispoña dos medios que garantan a transparencia no proceso. Dentro dos grupos de traballo nacionais e na Comisión de Garantías e Contas, a presenza poderá ser física ou telemática.

## **Artigo 5: Organización Nacional.**

Teñen carácter de órgano nacional:

- Congreso Nacional
- Consello Nacional
- Executiva Nacional
- Comisión de Garantías e Contas
- Consello Consultivo

Teñen carácter de cargo nacional:

- Presidencia
- Secretaría Xeral
- Secretaría Nacional de Coordinación Xeral e Organización
- Secretaría Nacional de Finanzas
- Secretaría Nacional de Política Municipal
- Secretaría Nacional de Comunicación
- Secretaría Nacional de Servizos Públicos

### **5.1.- Congreso Nacional.**

O Congreso Nacional é o máximo órgano de decisión do Partido Galego e está composto polas persoas afiliadas que teñan unha antigüidade mínima de dous meses de afiliación e co pagamento das cotas ao día.

O Congreso Nacional poderá reunirse de forma ordinaria ou extraordinaria.

Estará presidido e dirixido nos seus debates e funcionamento por unha Mesa do Congreso, elixida a tal efecto polo Consello Nacional, que estará composta por tres membros, e co respaldo de polo menos o 20% dos afiliados presentes no Congreso.

#### **5.1.1.- Funcións do Congreso Nacional:**

1. Debater e definir os principios políticos e organizativos do Partido Galego.
2. Fixar a liña política xeral e a liña de acción estratéxica.
3. Elixir as persoas que formarán parte do Consello Nacional e da Executiva Nacional, a Presidencia e a Secretaría Xeral. Para o Consello Nacional elixirá a 12 membros, de entre os cales sairán as persoas candidatas á Presidencia e á Secretaría Xeral. A Secretaría Xeral e a Presidencia presentarán ao Congreso unha proposta de Executiva Nacional, escollendo 5 dos 10 membros restantes electos en Asemblea. Esta proposta será aprobada por maioría simple. Igual mecánica de elección seguirase tamén para a Comisión de Garantías e Contas, neste caso a proposta será presentada pola Mesa do Congreso.
4. Aprobar e modificar os presentes Estatutos.

#### **5.1.2.- Asembleas:**

O Congreso Nacional reunirse de forma ordinaria cada tres ou catro anos, mediante convocatoria feita como mínimo con tres meses de antelación polo Consello Nacional a proposta da Executiva Nacional. Asegurarase, en todo caso, o prazo de tempo imprescindible para a recepción dos relatorios e emendas que se presenten.



Extraordinariamente, poderase reunir por solicitude da metade dos membros do Consello Nacional, ou por solicitude de 2/3 da afiliación. No momento de presentarse a solicitude deberá acompañarse unha proposta de orde do día e texto a debate, debendo celebrarse o Congreso Nacional nun prazo mínimo de un mes e máximo de seis dende a data de solicitude.

## **5.2.- Consello Nacional.**

O Consello Nacional constitúe o máximo órgano de dirección do Partido, entre a celebración dos Congresos Nacionais.

Estará coordinado por una Mesa composta por tres persoas, a Presidencia que o presidirá, a Secretaría Xeral que coordina os debates e a Secretaría de Coordinación Xeral e Organización que se encargará da elaboración da orde do día das reunións e do levantamento das actas.

### **5.2.1.- Funcións, deberes e competencias do Consello Nacional:**

- Ser un órgano de traballo e de acción política.
- Velar polo cumprimento dos Estatutos e a súa interpretación colexiada.
- Participar na acción política do Partido, cando sexa demandado polos órganos de dirección.
- Fomentar a acción política marcada polo Congreso Nacional.
- Colaborar e examinar a acción política da Executiva Nacional.
- Validar as propostas para a cobertura de vacantes na Executiva Nacional, a proposta da Secretaría Xeral e da Presidencia.
- Convocar un Congreso Extraordinario, a petición como mínimo da metade dos seus membros.
- Aprobar os Regulamentos de funcionamento dos distintos órganos.
- Interpretar os Estatutos e suplilos en todo o que non estea regulado, sempre que non entre en contradición co recollido neles.
- Nomear equipos de traballo.
- Propor accións políticas de colaboración con outros partidos.
- Aprobar o Manual de Imaxe Corporativa do Partido.
- Aprobar a compra de patrimonio para o partido.
- Aprobar o plan de calidade proposto pola Executiva Nacional.
- Aprobar os orzamentos ordinarios e de campañas.
- Aprobar as propostas de representación legal do Partido.
- Determinar os territorios aplicables ás Coordinacións Territoriais.

### **5.2.2.- Composición:**

O Consello Nacional estará formado por 12 persoas elixidas polo Congreso que serán membros natos, das cales saíran as candidaturas para a Presidencia a Secretaría Xeral e a parte da Executiva Nacional electa no Congreso. A composición complétase coas persoas que exercen as Coordinacións Territoriais e as Secretarías Locais e as alcaldías e ttes. de alcaldías do Partido Galego. Poderán participar se así o acorda a maioría dos seus membros persoas colaboradoras temporalmente e convidadas excepcionalmente, todas elas con voz e sen voto.

### 5.2.3.- Reunións:

O Consello Nacional reunirse de forma ordinaria preferentemente cada dous meses, convocado pola Secretaría Xeral; e extraordinariamente a pedimento de 1/3 dos seus membros ou da mesma Executiva Nacional.

Poderanse convidar a este órgano a outras persoas para que participen nas deliberacións con voz pero sen voto, a petición de 2/3 dos seus membros.

As deliberacións do Consello Nacional serán reservadas e levantarase acta dos acordos tomados.

### 5.2.4.- Regulamento:

O Consello Nacional dotarase dun regulamento propio de funcionamento, acorde cos principios recollidos nos Estatutos.

Neste regulamento recolleranse cando menos as faltas e as sancións aplicables en relación á ausencia de participación neste órgano e ao incumprimento das normas de conduta nas reunións.

### 5.2.5.- Lugar de celebración:

O lugar de celebración do Consello Nacional pode ser itinerante e notificarase aos seus membros segundo proposta razoada da Executiva Nacional.

## 5.3.- Executiva Nacional (EN)

A Executiva Nacional (EN) constitúe o órgano executivo colexiado a nivel nacional, máximo responsable da dirección do partido no seu conxunto. Distribuirá as áreas de responsabilidade que considere precisas entre os distintos membros que a conforman, sendo preceptivas cando menos as de Coordinación Xeral e Organización, a de Finanzas e a de Comunicación.

Cada responsable elaborará un plan de traballo que presentará para a súa aprobación na primeira sesión ordinaria do Consello Nacional unha vez constituído, e do que dará conta cando menos unha vez ao ano diante do Consello Nacional.

As deliberacións da Executiva Nacional serán reservadas e levantarase acta dos acordos tomados.

### 5.3.1.- Competencias da Executiva Nacional:

- Coordinar a acción política do Partido.
- Dinamizar o Partido e fomentar a expansión territorial.
- Executar a nivel nacional os acordos do Congreso Nacional e do Consello Nacional.
- Dirixir a política de comunicación e de difusión das posicións políticas do Partido.
- Velar polas accións do partido que non sexan competencia doutro órgano.
- Fomentar a participación da afiliación nos grupos de traballo aprobados polo Consello Nacional.
- Establecer a estratexia política de representación do proxecto galeguista.
- Velar polo funcionamento de todos os órganos do Partido.
- Elevar propostas de resolución ao Consello Nacional ou ao Congreso.
- Velar polo patrimonio do Partido e promover o seu aumento.
- Fomentar a relación con outros partidos para buscar estratexias de acción para o ben de Galicia.

- Informar ao Consello Nacional das súas actividades cando corresponda.
- Fomentar a formación política da afiliación do Partido Galego.
- Articular medidas de beneficio para a afiliación.
- Intervir, previo informe da Comisión de Garantías e Contas, nos órganos que non cumpran o regulado nos Estatutos.
- Organizar os diferentes actos nacionais que celebre o Partido.
- Incoar expediente de expulsión de persoas afiliadas, ante a Comisión de Garantías e Contas.

### **5.3.2.- Composición da Executiva Nacional:**

A Executiva Nacional estará formada pola Secretaría Xeral do Partido Galego, pola Presidencia e ademais por outras 5 persoas, propostas polas dúas anteriores de entre as 10 integrantes do Consello Nacional escollidas previamente polo Congreso, que representarán á afiliación. A Executiva deberá ser aprobada polo Congreso.

### **5.3.3.- Regulamento:**

A Executiva Nacional dotárase dun regulamento aprobado polo Consello Nacional. Neste regulamento establecerase cando menos o período de reunións e o procedemento para a súa convocatoria e toma de decisións.

## **5.4.- Comisión de Garantías e Contas (CGC)**

Esta comisión estará composta por tres persoas proposta e elixidas no Consello Nacional.

O campo das Garantías ten por finalidade asegurar o cumprimento e o respecto aos dereitos e deberes da persoas afiliadas establecidos nos presentes Estatutos. Velará por que se cumpran as normas e principios de actuación pública e de convivencia democrática interna e propoñerá a aplicación do réxime disciplinario.

No campo das Contas ten por finalidade a fiscalización anual dos ingresos e gastos, da execución do orzamento, coa emisión dun informe que será analizado pola Executiva Nacional e o Consello Nacional. As campañas electorais serán obxecto dunha análise e informe específicos.

A Comisión de Garantías e Contas, contará cun presidente/a, cun secretario/a e un/ha vogal, elixidos/as no Congreso. O seu mandato será durante os períodos entre congresos ordinarios. Constituída a Comisión e nomeada a súa presidencia, procederase no prazo máximo de tres meses, a aprobación dun Regulamento de Réxime Interno. Nel deberá quedar constancia explícita dos principios de publicidade e transparencia que deberán guiar as súas actuacións. Todas as decisións e acordos desta CGC, serán para ter en conta polos órganos de dirección política do partido, pero en ningún caso terán carácter vinculante.

As súas resolucións serán de estudo e informe, para enviar ao Consello Nacional, sen prexuízo do dereito da persoa atinxida a acudir á xurisdición ordinaria.

## **5.5.- Consello Consultivo (CC)**

A súa constitución será á proposta do Consello Nacional.

A súa finalidade é para ser útiles aos fins políticos do PG, emitindo todo tipo de informes, valoracións, opinións, estudos, etc.

A valía dos traballos emitidos polo CC terá carácter exclusivamente informativo, consultivo, formativo, etc. De ningún xeito serán traballos vinculantes para executar nin determinantes para emitir públicamente, estas decisións recaerán sempre nos acordos acadados polo Consello Nacional.

Os seus membros deberán cumprir unha serie de criterios que avalen a súa idoneidade para formar parte do CC. Entre os cales e como mínimo serán persoas con:

- Traxectoria política contrastada.
- Recoñecemento social demostrado.
- Afinidade ideolóxica medible.
- Solvencia ética exemplar.

## **Artigo 6: O esquema organizativo do partido.**

### **6.1.- A Presidencia do partido**

- A Presidencia do Partido será o interlocutor do Partido de cara as relacións externas de Galicia.

A persoa electa para a Presidencia será membro nato do Consello Nacional e da Executiva Nacional.

Será elixida nunha votación específica por parte de toda a afiliación no Congreso Nacional. No caso de haber máis de dúas candidaturas, de non acadaren ningunha delas máis do 50% dos votos válidos, procederase a unha segunda volta entre as dúas candidaturas máis votadas. No caso de haber unha única candidatura poderá ser referendada a man alzada, sempre e cando ninguén se opoña.

#### **6.1.1.- Competencias e funcións:**

- Presidirá as reunións do Consello Nacional.
- Representará ao Partido en caso de ausencia da Secretaría Xeral.
- Valorará xunto coa Secretaría Xeral e a Secretaría de Coordinación Xeral e Organización, o traballo desenvolto nas diferentes áreas da Executiva Nacional.

#### **6.2.2.- Vacante:**

No caso de imposibilidade para o cumprimento das súas funcións, será substituída en primeiro lugar pola Secretaría Xeral e en segundo lugar, se fose preciso, pola Secretaría Nacional de Coordinación Xeral e Organización

No caso de renuncia ou baixa por outro motivo, ademais de ser substituído, convocarase un Congreso Extraordinario ou Convención Nacional no prazo máximo de tres meses para nomear unha nova Presidencia.

## 6.2- A Secretaría Xeral

A persoa que ocupe a Secretaría Xeral exercerá a máxima responsabilidade do partido en todos os ámbitos. Será a interlocutora do Partido dentro de Galicia e territorios afíns identificados no Artigo.2.

A persoa electa para a Secretaría Xeral será membro nato do Consello Nacional e da Executiva Nacional. Será elixida nunha votación específica por parte de toda a afiliación no Congreso Nacional. No caso de haber máis de dúas candidaturas, de non acadaren ningunha delas máis do 50% dos votos válidos, procederase a unha segunda volta entre as dúas candidaturas máis votadas. No caso de haber unha única candidatura poderá ser referendada a man alzada, sempre e cando ninguén se opoña.

### 6.2.1.- Competencias e funcións:

- Coordinar a acción da Executiva Nacional.
- Liderar pública e internamente o Partido.
- Actuar como portavoz oficial do Partido.
- Ostentar a representación do Partido diante dos estamentos oficiais.
- Propor resolucións ao Consello Nacional.
- Convocar as reunións do Consello Nacional.
- Convocar as reunións da Executiva Nacional e exercer a súa secretaría.
- Representar ao Partido Galego en calquera sinatura con partidos ou axentes sociais.
- Presidir calquera órgano do partido onde estea presente, a excepción do Consello Nacional, que será presidido pola persoa que ostente a Presidencia do Partido, tal como se indica no apartado 6.1.1 destes estatutos.

### 6.2.2.- Vacante:

No caso de vacante na Secretaría Xeral, será substituída en primeiro lugar pola Presidencia e en segundo lugar, se fose preciso, pola Secretaría Nacional de Coordinación Xeral e Organización.

No caso de renuncia da Secretaría Xeral ou baixa por algún motivo, ademais de ser substituído pola Presidencia, convocarase un Congreso Extraordinario ou Convención Nacional no prazo máximo de tres meses para nomear outra Secretaría Xeral. Durante ese tempo, a Presidencia non terá máis función executiva nesta representación que as do funcionamento diario.

## 6.3.- A Secretaría Nacional de Coordinación Xeral e Organización

### Competencias e funcións:

- Coordinar todos os órganos do partido.
- Coordinar todas as campañas electorais e sectoriais.
- Coordinar os actos nacionais.
- Supervisar os contidos das áreas do Consello Nacional e da Executiva Nacional.
- Levantar as actas no Consello Nacional e na Executiva Nacional.

- En caso de baixa ou ausencia da Presidencia e da Secretaría Xeral (as dúas), asumirá eses cargos. Será o 1º suplente para esta eventualidade.
- Velar polo correcto funcionamento orgánico do Partido Galego.
- Coordinar as distintas áreas da Executiva Nacional.
- Xestionar o calendario de actos.
- Supervisar e controlar o patrimonio e uso de equipos e material do Partido.
- Coordinar a elaboración dos distintos regulamentos.
- Exercer a xefatura do persoal contratado polo Partido.
- Aquelas outras que decida o Consello Nacional.

#### **6.4.- A Secretaría Nacional de Finanzas**

##### **Competencias e funcións:**

- Xestión das contas de forma mancomunada.
- Librar os pagos.
- Elaborar un regulamento de finanzas que aprobe o Consello Nacional.
- Velar polo cumprimento do regulado en relación coas finanzas do Partido.
- Fomentar a recadación de fondos e a participación da totalidade do Partido Galego no mantemento da dotación económica do Partido.
- Elaborar e dar conta dos orzamentos no Consello Nacional.
- En caso de baixa ou ausencia da Presidencia e da Secretaría Xeral, asumirá eses cargos. Será o 2º suplente para esta eventualidade.
- Aquelas outras que decida o Consello Nacional.

#### **6.5.- A Secretaría Nacional de Comunicación**

##### **Competencias e funcións:**

- Coordinar a axenda de comunicación da Secretaría Xeral.
- Coordinar as Redes Sociais do Partido.
- Velar pola imaxe corporativa.
- Fomentar o coñecemento do Partido nos medios de comunicación.
- Coordinar a formación en materia de Comunicación.
- Aquelas outras que decida o Consello Nacional.

#### **6.6.- A Secretaría Nacional de Política Municipal**

##### **Competencias e funcións:**

- Coordinar a axenda de eventos e xornadas formativas da política municipal.
- Fomentar a militancia e a implantación orgánica no ámbito municipal.
- Propoñer contidos e liñas estratéxicas propias do Partido Galego no ámbito da política municipal.
- Aquelas outras que decida o Consello Nacional.

## 6.7.- A Secretaría Nacional de Servizos Públicos

### **Competencias e funcións:**

- Coordinar as distintas áreas de actuación relativas aos servizos públicos recoñecidos no documento de tese política: educación, sanidade, servizos sociais, pensións e renda básica.
- Propoñer contidos e liñas estratéxicas propias do Partido Galego no ámbito dos servizos públicos.
- Xestionar calquera proposta ou atender as problemáticas sociais vinculadas a eses ámbitos.
- Aquelas outras que decida o Consello Nacional.

## 6.8.- Equipos de Traballo Nacionais

Serán a ferramenta que permitirá artellar dende as Secretarías Nacionais a colaboración da afiliación e simpatizantes nos diferentes ámbitos políticos e sectoriais que cada quen puidera desenvolver.

### **Competencias e funcións:**

- Elaborar informes sectoriais, ben por iniciativa propia ou a petición de órganos de goberno do Partido.
- Propoñer campañas aos órganos de dirección do Partido.
- Analizar e redactar propostas políticas que sirvan de base de traballo aos órganos internos do Partido e de apoio aos seus cargos institucionais.

## **Artigo 7: Ámbitos organizativos**

O Partido Galego dotarase dunha estrutura organizativa territorial baseada en Agrupacións Locais, e contará con Secretarías Locais e Coordinacións Territoriais.

### 7.1.- Organización Nacional

Comprende a totalidade dos activos con independencia da súa localización, incluídas as Agrupacións no exterior. Os órganos de decisión e goberno nacionais son o Congreso Nacional, o Consello Nacional e a Executiva Nacional.

### 7.2.- Agrupación Local

Componse das persoas afiliadas e simpatizantes dun único concello, estes últimos con voz pero sen voto.

Para a constitución da Agrupación Local será necesario contar como mínimo de 2 persoas afiliadas, as cales ocuparán a Secretaría Local e Vice-Secretaría Local e outras 3 persoas simpatizantes.

Estas Agrupacións gozan de total autonomía de decisión, sen transgredir as normas que afecten ao ámbito nacional e ás posicións aprobadas nos órganos de dirección nacional.

### **7.2.1.- Competencias e Funcións da Agrupación Local:**

- Representar ao Partido Galego no Concello de actuación, garantindo a difusión da súa posición política.
- Analizar e aceptar en primeiro termo as solicitudes de altas de afiliación.
- Elixir unha Secretaría Local como máxima representante da agrupación e, de ser o caso, unha Executiva Local.
- Exercer unha acción política en consonancia coas demandas da veciñanza e as posicións do Partido Galego.
- Poderá dotarse de medios económicos propios, coa debida supervisión e vinculación na estrutura nacional e atendendo ao disposto no Regulamento de Xestión e Finanzas nacional.

**7.2.2.- Secretaría Local:** A persoa electa para a Secretaría Local deberá posuír a condición de afiliada ao partido, ostentará a máxima representación da Agrupación e da Executiva Local, e será membro do Consello Nacional.

Deberá promover a participación dos integrantes da Agrupación Local e simpatizantes, garantindo a difusión dos acordos da Executiva Local, achegando información sobre o cumprimento dos citados acordos e presentando ao conxunto da Agrupación Local nas asembleas os informes que considere oportunos.

Informará obrigatoriamente á Executiva Nacional sempre que haxa un proceso de primarias ou un proceso electoral.

### **7.2.3.- Vice-Secretaría Local:**

Terá as mesmas funcións que a Secretaría Local, na ausencia desta.

Poderá acompañar á Secretaría Local as reunións do CN, con voz e sen voto, e poderá substituír en ausencia da Secretaría Local nas reunións co CN, con voz e voto.

## **7.3.- Territorios**

Son as agrupacións de parroquias, concellos e comarcas; determinadas polo Consello Nacional, incluída a Galicia exterior. Á fronte dos mesmos estará a figura de Coordinador/a Territorial, elixido mediante un proceso de primarias abertas, promovidas polo Consello Nacional, entre a afiliación de cada territorio.

### **7.3.1.- Representación**

A representación das persoas electas como Coordinadoras Territoriais, unha vez electas, pasan a formar parte do Consello Nacional e da Executiva Nacional.

### **7.3.2 Competencias da Coordinación Territorial:**

- Representar ao Partido Galego naquelas cuestións que afecten ao seu territorio, sen menoscabo das secretarías nacionais da Executiva Nacional nos seus respectivos ámbitos.
- Informar á afiliación do territorio das reunións e resolucións do Consello Nacional.
- Dinamizar a vida política interna do territorio.
- Dar a coñecer o Partido Galego naqueles actos políticos que se celebren no eido do territorio.
- Coordinar a unidade de acción das Agrupacións Locais do territorio.



- Coordinar as campañas políticas no territorio.
- Fomentar a afiliación no territorio.

## **CAPITULO IV**

### **Financiamento, recursos e patrimonio**

#### **Artigo 8: Recursos financeiros do Partido Galego**

O Consello Nacional aprobará un Regulamento de Xestión e Finanzas, a proposta da Executiva Nacional, que articulará todas as normas e accións, relativas a esta área.

##### **8.1.- Fontes de financiamento:**

- Cotas de afiliación.
- Doazóns de colaboracións ao marxe da afiliación.
- Achegas de cargos públicos e institucionais.
- Calquera donativo contemplado pola lexislación vixente.
- Rendemento da imaxe corporativa, segundo a lexislación vixente.
- Rendemento das accións formativas e seminarios, segundo o establecido por lei.
- Calquera outro ingreso que reciba de conformidade co disposto na Lei Orgánica 8/2007, de 4 de xullo, sobre financiamento de partidos políticos.
- Os créditos que concerte.
- As herdanzas, legados ou doazóns que reciba.
- Aquelas outras que dentro da lei estipule o Consello Nacional no seu momento.

##### **8.2.- Patrimonio:**

O Partido Galego carece de patrimonio fundacional e de patrimonio moble e inmovible, se ben se artellarán as medidas precisas para dotarse de patrimonio en propiedade.

##### **8.3.- Outros recursos:**

Crearase un inventario de recursos coa finalidade de aumentar a capacidade de recadación económica.

##### **8.4.- Control, xestión e fiscalización:**

Todo o relativo ao control, xestión e fiscalización do réxime económico e patrimonial do Partido Galego estará recollido no Regulamento de Xestión e Finanzas.

## **CAPITULO V**

### **Da afiliación e simpatizantes**

#### **Artigo 9: Da afiliación**

Poderá ser afiliado/a ou simpatizante do Partido Galego, calquera persoa que, aceptando os criterios organizativos e os seus principios, solicite o seu ingreso. A solicitude de ingreso realizarase por escrito, mediante formulario de solicitude de alta asinado pola persoa solicitante ou ben mediante solicitude de alta na páxina web do Partido Galego, que será derivada á correspondente agrupación local.

### 9.1.- Dereitos da afiliación:

- Participar activa e libremente na definición da liña política do Partido Galego así como na toma de decisións, participando nos órganos do partido no nivel correspondente.
- Asistir a cantos actos, reunións e congresos organice o Partido Galego, con voz e voto.
- Exercer o dereito á liberdade de expresión individual, podendo expresar as súas posturas críticas internamente, sempre dentro do respecto e da responsabilidade para co Partido, sen que iso supoña boicotear a acción política.
- Ser electores e elixibles para calquera cargo nos órganos de dirección. Non serán elixibles as persoas afiliadas que fosen condenadas por sentenza xudicial penal.
- Recibir todo tipo de formación e información política xerada polo partido e reciprocamente transmitir as súas iniciativas persoais no seo deste.
- Exercer o control político dos cargos electos, mantendo sempre o máximo respecto ás persoas.
- Facer uso da Comisión de Garantías e Contas, se consideran vulnerados os seus dereitos como persoa afiliada.

Para gozar destes dereitos, será preciso ter o pagamento das cotas ao día.

### 9.2.- Deberes da afiliación:

- Aceptar e comprometerse persoalmente na defensa pública dos principios ideolóxicos e do proxecto político do Partido Galego.
- Non pertencer a calquera outra organización ou asociación que defenda formulacións ideolóxicas claramente opostas ou incompatibles cos valores e principios fundamentais do Partido Galego.
- Non pertencer a outro partido ou organización política.
- Respectar e cumprir os Estatutos, os regulamentos internos e os criterios organizativos, así coma os principios políticos e programáticos do Partido.
- Garantir a confidencialidade sobre o tratado nas Agrupacións e demais órganos do Partido Galego, mentres non se faga público de forma oficial polo propio partido.
- Respectar as decisións referendadas pola militancia nos órganos de dirección, aínda no caso de manifestarse en desacordo con elas.
- Contribuír economicamente ao sustento do Partido.
- Cumprir co Regulamento de Xestión e Finanzas en relación coas cantidades económicas percibidas polos cargos institucionais pertencentes ao partido, en materia de salarios, por asistencia a actividades institucionais, asignación a grupos municipais e outros actos políticos remunerados do seu cargo.
- Usar o galego, difundilo e promovelos tanto no ámbito interno do partido como na súa actividade institucional e a comunicación coa sociedade.

### **9.3.- Baixa da afiliación:**

A baixa como membro do Partido Galego, producirase nos seguintes supostos:

- Por decisión voluntaria da persoa interesada.
- Por acordo do Consello Nacional, previo informe da correspondente Agrupación Local e unha vez escoitada a persoa interesada, que poderá interpoñer recurso sobre a decisión adoptada ante a Comisión de Garantías e Contas e da Executiva Nacional.
- En caso extraordinario, pola súa gravidade e a necesidade de actuar en tempo, a Secretaría Xeral poderá propoñer á Executiva Nacional abrir expediente de expulsión co visto e prace da Comisión de Garantías e Contas ou no seu defecto pola Executiva Nacional.
- Ao sumar dous períodos de liquidación de cotas sen pagar.
- Por comportamento ético reiterado contra o partido, órganos de dirección ou militancia. Neste caso os aspectos éticos estarán claramente definidos nun Código Ético do PG.
- Por incumprimento do recollido no punto 4.4 relacionado coa Liberdade de expresión, no que poida recoller o Regulamento da CGC no artigo 5.4, ou ben do recollido no artigo 9.2 dos deberes da afiliación.

### **Artigo 10: Dos Simpatizantes**

Serán membros simpatizantes aquelas persoas que, sen afiliarse expresamente ao Partido Galego, sintonicen cos seus principios e obxectivos, colaboren puntual ou regularmente nas súas actividades e manifesten a súa aceptación a incorporarse a unha base de datos específica para recibir información do partido ou ser contactadas por este.

#### **10.1.- Dereitos dos simpatizantes:**

- Asistir (sempre que sexa acto público) a cantas actividades organice o Partido Galego con voz e sen voto.
- Recibir todo tipo de formación e información política e de ámbito público, xerada polo partido e reciprocamente transmitir as súas iniciativas persoais no seo deste.
- Asistir ás reunións das Agrupacións Locais, sempre que reciban unha convocatoria expresa para tal efecto.

#### **10.2.- Deberes dos simpatizantes:**

- Os/as simpatizantes quedan suxeitos aos mesmos deberes que as persoas afiliadas, agás o relativo á contribución económica do partido.
- Os/as simpatizantes quedan suxeitos ás normas e regulamentos internos que afecten a esta condición.

#### **10.3.- Baixa de simpatizante:**

Perderán a condición de membro do Partido Galego nos mesmos supostos establecidos para as persoas afiliadas, agás nas correspondentes ás obrigas financeiras.

### **Artigo 11: Persoa colaboradora**

Terán o recoñecemento de persoas colaboradoras, todas aquelas que sen participar en nada organizado polo Partido, nin necesariamente estar de acordo en todo co Partido Galego, colaboran coa prestación dun servizo, a doazón dun ben ou unha achega económica.

### **Artigo 12: Réxime disciplinario**

Será considerada falta disciplinaria calquera acto voluntario dunha persoa afiliada que supoña menoscabo da imaxe e dos intereses do Partido ou da dignidade de calquera dos seus integrantes, así como o incumprimento dos Estatutos e das normas aprobadas polos órganos competentes.

O regulamento disciplinario, que tipificará as infraccións e determinará as sancións previstas, será aprobado polo Consello Nacional a proposta da Comisión de Garantías e Contas.

### **Artigo 13: Formación**

A Executiva Nacional prestará atención permanente á formación política das persoas afiliadas. Para tal fin, o Partido dotarase de ferramentas de comunicación que terán como función principal a información política, a formación teórica e ao intercambio de ideas, experiencias de xestión, propostas, estudos, etc...

Tamén se desenvolverán debates, charlas e encontros sobre temas específicos e promoveranse outro tipo de actividades destinadas a mellorar a información e cualificación dos membros do Partido. Así mesmo, estableceranse mecanismos de asesoramento técnico en cuestións que teñan relación co desempeño da actividade política, de xestión e representación por parte dos membros do Partido Galego.

## **CAPÍTULO VI**

### **Primarias e participación**

#### **Artigo 14: Primarias**

O sistema de eleccións primarias establécese como o procedemento ordinario para elixir as candidaturas que deben concorrer a calquera tipo de proceso electoral, agás naqueles casos nos que o Consello Nacional decida, por razóns xustificadas, usar o sistema de elección simple con votacións a man alzada ou en urna transparente.

Poderán ser aspirantes e candidatos electorais todas as persoas afiliadas.

Non poderán ser aspirantes a ningún cargo orgánico ou candidatos a representantes públicos nunha lista electoral do Partido Galego, as persoas que fosen condenadas penalmente ou as que teñan débedas coa Seguridade Social ou Facenda.

A Comisión de Garantías e Contas será o órgano encargado de velar para que isto se cumpra, requirindo dos candidatos a documentación que fose precisa para xustificar que cumpran con este requisito.

O Consello Nacional aprobará un réxime de inelixibilidades e incompatibilidades.

O Consello Nacional, por proposta da Executiva Nacional, aprobará o regulamento de eleccións primarias e de candidaturas.

### **Artigo 15: Coalicións electorais e relacións con outras organizacións**

Todo acordo de coalición con outras forzas políticas e de relación con outras organizacións políticas deberá ser aprobado polo conxunto da afiliación do Partido Galego, a través dunha votación en Congreso ou Convención, de un referendo vinculante, debendo contar con máis votos a favor que en contra para a súa aprobación. Esta votación poderá ser de forma telemática.

### **Artigo 16: Referendo**

Co fin de garantir a participación activa da afiliación na vida política e o control da actuación das persoas que deteñan calquera tipo de cargo, establécese o mecanismo do referendo.

O referendo poderá ser convocado respecto daqueles asuntos e decisións que revistan unha especial transcendencia política, ben para a propia organización ou ben para o conxunto do país. O referendo poderá ser convocado tamén para que o conxunto da afiliación do Partido Galego decida respecto da continuidade ou o cesamento das persoas que deteñan calquera tipo de cargo.

O referendo será convocado polo Consello Nacional, por iniciativa propia ou a pedimento da afiliación.

A convocatoria do referendo por iniciativa do Consello Nacional requirirá que o acordo sexa adoptado pola maioría absoluta dos membros presentes na sesión.

Para a convocatoria do referendo por solicitude dos/as afiliados/as, é imprescindible que se concrete a decisión ou asunto que se queira someter a referendo e que a devandita solicitude veña avalada, mediante sinatura, cando menos polo 20% das persoas afiliadas do Partido Galego. De cumprírense estes requisitos o Consello Nacional estará obrigado a convocar o referendo solicitado no prazo máximo de dous meses.

O resultado do referendo é vinculante para os órganos do Partido Galego e para o conxunto da afiliación. O resultado do referendo será comunicado ás Agrupacións Locais e á afiliación e simpatizantes coa maior brevidade posible.

No referendo garantirase en todo momento o segredo do voto.

### **Artigo 17: Convención Nacional**

Será un instrumento nacional de consulta ou decisión extraordinarias, se así o considera preciso o Consello Nacional.

Será convocada polo Consello Nacional coas garantías e prazos que se establezan.

Cada proceso de Convención Nacional rexerese por un programa específico aprobado polo Consello Nacional.

### **Artigo 18: Actos Nacionais**

En todos os actos nacionais do Partido Galego deberán ter unha presenza moi destacada a bandeira galega, a bandeira europea e o logotipo do partido.

O 25 de Xullo é o Día Nacional de Galicia, tamén identificado como Día da Patria Galega, e como tal deberá ser celebrado polo Partido Galego.

O Partido Galego celebrará o 17 de maio o seu aniversario e tamén se conmemorará o día das Letras Galegas. Será o acto máis relevante do ano e coñecerase como o día do Partido Galego.

### **Artigo 19: Obrigas documentais**

O partido levará, ademais dun Censo de Afiliación, os Libros de Actas, de Contabilidade, de Tesourería, e de Inventario de Bens.

Calquera persoa afiliada terá dereito a ser informado destes documentos, previa petición e sempre respectando a lexislación vixente na Lei de protección de datos.

### **Artigo 20: Símbolos do Partido**

- A bandeira galega, tal como a definimos no Partido, e a bandeira europea.
- O logotipo aprobado polo Congreso.



- O carballo como árbore galega, sobre unha rede mariñeira que fai de raíz, e a franxa azul da bandeira galega incrustada no interior da P.

## **CAPITULO VII Vinculación na política internacional**

### **Artigo 21. Internacional**

A elaboración das liñas políticas nesta área, así como calquera proposta de actuación, son competencia da Executiva Nacional, agás naqueles casos que estas sexan por acordo dun Congreso, Convención ou Referendo.

O Partido Galego encamiñará a súa acción política á mellora da calidade de vida das galegas e dos galegos, buscando acordos e formas de traballo conxunto con grupos cos que teñamos afinidade política, ben no ámbito do Estado, da Unión Europea ou a nivel mundial.

Asemade, buscará acordos con grupos parlamentarios que poidan levar as nosas reivindicacións ao Parlamento Europeo.

Procurarase o establecemento de vínculos cos partidos afíns veciños de Portugal, buscando un achegamento e a realización de políticas conxuntas para a mellora do Eixo Atlántico e da Eurorrexión Galicia Norte de Portugal.

## **CAPÍTULO VIII Disolución do Partido**

### **Artigo 22. Disolución**

O acordo de disolución do partido adoptarase polo Congreso por maioría de 2/3 dos seus membros.

O patrimonio remanente no momento da disolución, unha vez satisfeitas as obrigas financeiras existentes, destinarase ao Museo do Pobo Galego.

### **DISPOSICIÓNS ADICIONAIS**

1. Como norma xeral para as votacións, sempre que se proceda a elixir persoas para calquera cargo, farase por medio de votación secreta, aínda que por operatividade poderanse utilizar, se así se acorda, outros métodos de votación. En calquera caso abonda con que unha única persoa solicite o voto secreto, para que este sexa o procedemento empregado para a votación. As votacións serán presenciais ou telemáticas en función das posibilidades, tendo en conta o estipulado no artigo 4.10 destes Estatutos.
2. Entre a celebración dun Congreso Nacional e o seguinte, a interpretación destes Estatutos é competencia do Consello Nacional.
3. Con carácter supletorio aos presentes Estatutos, aplicaranse as disposicións estatais e autonómicas reguladoras do procedemento administrativo común.

### **DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS**

1. Unha vez celebrado o Congreso Nacional, no prazo de dous meses, quedarán formados os diferentes órganos que emanan das decisións deste.
2. Facúltase ao Consello Nacional para as adecuacións necesarias do presente documento coa finalidade da súa legalización.
3. A Executiva Nacional presentará para a súa aprobación polo Consello Nacional o Regulamento de Xestión e Finanzas, o Regulamento de funcionamento do Consello

Nacional, o Regulamento de funcionamento da Executiva Nacional e cantos documentos se consideren necesarios para o correcto funcionamento dos diferentes órganos e ámbitos de acción do Partido.

4. Facúltase ao Consello Nacional, a proposta da Executiva Nacional, para a interpretación, desenvolvemento e aplicación dos presentes Estatutos en todos aqueles aspectos non recollidos expresamente nel.
5. Recoñécese validez a todas e cada unha das normas vinculadas aos Estatutos como regulamentos, calendarios, protocolos, etc..., ate unha nova redacción dos mesmos se for o caso.

